



Datos Do Expediente:

PLENO		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MRA		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2025/61	GOB19I00IF	
224X 676P 2T2F 482F 09XY		

DON ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral do CONCELLO DE NARÓN

CERTIFICA: Que o Concello Pleno, na sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte e seis de xuño de dous mil vinte e cinco, adoptou entre outros, o acordo seguinte:

11 °.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 40 DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA EMISIÓN E RECEPCIÓN DE RUÍDOS E VIBRACIÓNS. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposta emitido pola Xefa da Sección de Disciplina Urbanística, Expropiacións e Medio Ambiente, que transcrito literalmente di:

“INFORME PROPOSTA

Visto o acordo plenario adoptado polo pleno municipal do Concello de Narón en sesión de data 24 de abril de 2025, relativo a unha moción presentada polo grupo municipal do BNG para mudar a Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións (BOP núm. 71, do 27 de marzo do 2007), que literalmente di:

“ No ano 2007 apróbase en Narón a Ordenanza que regula a actuación municipal dirixida a protexer ás persoas e bens contra as agresións producidas pola enerxía acústica nas súas manifestacións máis representativas: ruídos e vibracións.

Esta ordenanza regula os niveis de ruído e vibracións admisibles nas distintas actividades que se poidan realizar en domicilios particulares; locais de ocio, espectáculos e recreativas; ruído producido polo tráfico e vehículos a motor; espectáculos públicos; actividades realizadas coa recollida de residuos sólidos urbanos; construción... en definitiva, todas aquelas actividades que xeran algún tipo de ruído ou vibración. Ademais disto reguláanse os horarios nos que está permitido cada tipo de ruído (diúrno ou nocturno) e os decibelios máximos que poden producir os ruídos ou vibracións, dependendo tamén do tipo dos mesmos ou da sensibilidade acústica permitida en cada espazo.

En canto aos ruídos no exterior, no espazo público, no artigo 40 desta ordenanza, onde fala dos dispositivos sonoros, atopámonos no seu primeiro punto que, con carácter xeral, non se permitirá o emprego de ningún dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso ou espallamento. As entidades asociativas moitas veces farían uso dos alt falantes para achegar a información á maior parte da veciñanza, convocándoos a unha asemblea, a un acto público... se isto estivese permitido, previa autorización, no noso concello e non fose motivo de sanción.

Por todo isto sometemos a debate e aprobación en Pleno dos seguintes ACORDOS:

1.



Instar ao Goberno municipal a mudar a ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións no seu artigo 40, punto 1, quedando o mesmo deste xeito:

a.

O uso de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso ou distracción requirirá autorización preceptiva, previa e expresa.

b.

O horario para o uso de dispositivos sonoros con fins de propaganda sería de 10.00 a 13.00 h en horario de mañá e de 17.00 a 20.00 h en horario de tarde.”

A Xefa de Sección de Disciplina Urbanística, Expropiacións e Medio Ambiente, propón ao Concelleiro Delegado pola Alcaldía para os asuntos de Medio Ambiente, someta a ditame da Xunta de Portavoces os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 40 coa seguinte redacción:

ARTIGO 40

- 1. O uso de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso ou distracción requirirá autorización preceptiva, previa e expresa. O horario para o uso de dispositivos sonoros con fins de propaganda será de 10:00 a 13:00 horas en horario de mañá e de 17:00 a 20:00 horas en horario de tarde.*

SEGUNDO.- Excluir esta modificación do Plan normativo do Concello por regular un aspecto parcial desta materia.

TERCEIRO.- Someter este acordo a información pública e audiencia dos interesados, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios ou edictos, electrónico do Concello de Narón, polo prazo de trinta días, para que poidan presentarse reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.”

E visto o ditame favorable por unanimidade da Xunta de Portavoces de data 19-06-2025, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a aprobación da proposta transcrita e a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 40 coa seguinte redacción:

ARTIGO 40

- 1. O uso de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso ou distracción requirirá autorización preceptiva, previa e expresa. O horario para o uso de dispositivos sonoros con fins de propaganda será de 10:00 a 13:00 horas en horario de mañá e de 17:00 a 20:00 horas en horario de tarde.*

SEGUNDO.- Excluir esta modificación do Plan normativo do Concello por regular un aspecto parcial desta materia.



CONCELLO DE NARÓN

TERCEIRO.- Someter este acordo a información pública e audiencia dos interesados, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios ou edictos, electrónico do Concello de Narón, polo prazo de trinta días, para que poidan presentarse reclamacións ou suxestións que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.”

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

E para que conste e surta efectos, esténdese a presente certificación, facéndolle constar que a acta onde se recolle o acordo anterior está pendente de aprobación, en Narón, a 27 de xuño de 2.025.

V.e pr.



FERREIRO DIAZ, MARIAN
A Alcaldesa-Presidenta
27-06-2025 13:14:11



DE PRADO FERNANDEZ
CANTELI, ALFONSO
O Secretario Xeral
27/06/2025 12:56